

# Diario de Pontevedra

## Un monólito e un acivro inmortalizarán a Fina Casalderrey na Ponte das Palabras

A AELG rende a homenaxe 'A escritora na súa terra' á autora de Xeve o 10 de xuño



Fina Casalderrey recibirá a homenaxe da AELG e da súa cidade. GONZALO GARCÍA



MARÍA VARELA 01/XUN./23

O vindeiro 10 de xuño Pontevedra ten unha cita coa súa autora máis internacional. A escritora nacida en Xeve [Fina Casalderrey](#) (1951), Premio Nacional de Literatura Infantil e nominada este ano ao Nobel da literatura infantil, recibirá a homenaxe da **Asociación de Escritores en Lingua Galega** e da súa cidade.

O alcalde de Pontevedra, **Miguel Anxo Fernández Lores**, a edil de Cultura, **Carme Fouces**, e o presidente da AELG, **Cesáreo Sánchez Iglesias**,

presentaron onte os actos da 29 edición da homenaxe *A escritora na súa terra*, conmemoración que este ano pon o foco na autora de títulos como *Cinco bágoas por máquina*, *O misterio dos fillos de lúa* ou o máis recente, *A muller xabaril*.

"Decidimos que se lle entregue a letra E a unha muller imprescindible das letras", salientou o presidente da AELG sobre a homenaxeada. "Unha persoa **entrañábel**. Todo aquilo que toca faino con dignidade, altura ética e tenrura", engadiu Sánchez Iglesias.

Así, o colectivo de escritores porá en valor o nome de Fina Casalderrey coa inauguración dun monólito que levará un texto da autora e que estará ubicado na **Ponte das Palabras**. "É unha pedra sólida onde vai un fermoso **texto** dela de amor á cidade e á terra".

Así, o 10 de xuño terá lugar a inauguración do monolito ao que seguirá a plantación dun acivro, árbore escollida por Fina Casalderrey para este acto. Logo o **Teatro Principal** acollerá a entrega da letra E á autora da man da AELG e haberá un xantar de confraternidade no Liceo Casino "onde estará rodeada dos seus e da veciñanza que queira acudir".

## Amor pola cidade

"O panorama literario pontevedrés é forte porque mulleres como Fina Casalderrey están nel", subliñou pola súa banda a concelleira de Cultura, **Carme Fouces**.

Tamén o alcalde amosou o **orgullo** porque a **Boa Vila** abeira a unha escritora coma a de Xeve. "Esta homenaxe é absolutamente merecida, non hai ninguén que non ame a Fina Casalderrey", dixo Fernández Lores. "Gústame a súa traxectoria, o amor que profesa a **Pontevedra** e á lingua", engadiu o rexedor local, que non dubidou en recoñecer que cando a escoita falar "cáeme a baba".

"Quero acoller este acto como un acto de toda a cidade", subliñou Lores, que pediu á cidade que asista aos actos en honra a Fina Casalderrey para "homenaxeala como se merece". "É un día de festa para Pontevedra".